

Martes, 25 de abril de 2023

Núm. 79

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO DE PROVISIÓN CONVOCADO PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022 QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL

ANUNCIO

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 17/04/2023 ditou a seguinte resolución:

“Número de expediente:2023/PROVMOBILPL/000001

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO DE PROVISIÓN CONVOCADO PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022 QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL

Publicada no BOP núm.15, do 23 de xaneiro de 2023, ás bases reguladoras dos procesos de provisión por mobilidade de postos nas categorías de policía no corpo da policía local do Concello de Pontevedra (OEP ordinaria do ano 2022), realizados os trámites pertinentes para a formación do Tribunal cualificador e finalizado o período establecido para a presentación de instancias (do 20/03/2023 ao 11/04/2023, ambos inclusive), esta Concellería de Goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

PRIMEIRO.- LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.-

Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso de provisión por mobilidade de dous postos na categorías de policía do Concello de Pontevedra incluídas na OEP ordinaria do ano 2022, quenda mobilidade horizontal, segundo se relacionan a continuación.



Martes, 25 de abril de 2023

Núm. 79

**PRAZA: POLICÍA LOCAL,
QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL***ASPIRANTES ADMITIDOS/AS*

- 1 SOUSA DUARTE ROBERTO
- 2 MARTINEZ GIRALDEZ RAUL MANUEL

ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS

- 1 ALVAREZ CALOTOPABLO (1) (2)
- 2 NAVARRO LLUMBART JOSEP (3)
- 3 OTERO PENELA FERNANDO (2)

SEGUNDO.- MOTIVOS DE EXCLUSIÓN E RÉXIME DE SUBSANACIÓN.-

Os números cardinais sinalados xunto ao/á aspirante excluído/a, relacionado/a para o proceso de provisión no punto anterior, identifícanse cos seguintes motivos de exclusión:

(1) Por non achegar certificación actualizada acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas letras c) e e) da base 4ª.1 (estar en situación administrativa de servizo activo na categoría de policía noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia e levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino).

(2) Por non achegar a certificación acreditativa do cumprimento do requisito establecido na letra f) da base 4ª.1 (Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación)

(3) Por non ostentar a categoría de policía como funcionario/a de carreira noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia

De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, os/as aspirantes excluídos/as ou aqueles/as que puideran resultar omitidos/as, por non figurar na relación provisional de admitidos/as ou de excluídos/as, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo sinalado.

Advírtese aos/ás interesados/as que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados/as definitivamente excluídos/as.



Martes, 25 de abril de 2023

Núm. 79

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, a lista provisional de admitidos/as elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoas ou desestimándoas.

A resolución pola que se resolvan as reclamacións, aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello.

TERCEIRO.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O tribunal cualificador do proceso de provisión convocado quedará integrado da seguinte forma:

DÚAS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL (QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL)

Presidente:

- Don Jesús Javier Cal Ucha, inspector da Policía Local do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Jose Manuel Duarte Solla, intendente principal xefe en funcións da Policía Local do Concello de Pontevedra.

Secretaria:

- Dona Berta Novás Rodriguez, policía da Policía Local do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona María Sofía Puentes Iglesias, administrativa xefa de negociado do Servizo de Persoal do Concello de Pontevedra.

Vogais:

- Dona Silvia Nogueira Pérez, oficial da Policía Local do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona María del Pilar Peón Omil, inspectora da Policía Local do Concello de Pontevedra.

- Don Luís Alberto Acuña Martínez, inspector da Policía Local do Concello de Pontevedra sendo o seu suplente don Ramón Gamallo Maquieira, oficial da Policía Local do Concello de Pontevedra.

- Don José Luis Dominguez Maya, oficial da Policía Local do Concello de Pontevedra sendo a súa suplente dona Melisa Orbán Fernández, policía da Policía Local do Concello de Pontevedra

Os/as membros/as do Tribunal cualificador poderán ser recusados/as, cando nos/as mesmos/as concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de anuncios da casa do Concello de Pontevedra sita na rúa Michelena, 30 e no taboleiro de anuncios electrónico (<http://>



Martes, 25 de abril de 2023

Núm. 79

sede.pontevedra.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml), e de forma complementaria poderase publicar no apartado de información sobre emprego da sede electrónica xunto coa información do proceso selectivo (<http://sede.pontevedra.gal/public/dynamic/transparency/employment/>).

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente resolución.”

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O director xeral de RRHH

